

ACTA DE VALORACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas e trinta minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil dezasete, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Maria Carmen Crespo Doldán, interventor accidental da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretaria: Dona Isabel Quintáns Ríos auxiliar administrativa do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de data 21 de agosto pasado, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excma. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que a proposición presentada pola empresa OBRAS Y VIALES CERNE, SL que ofertou unha baixa dun 27,02 % estaba incurso en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión

ACORDOU:

1º.- Dirixir escrito vía fax ou polo medio elixido a empresa OBRAS Y VIALES CERNE, SL concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustifique ante a mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que etimen necesaria para a devandita xustificación.

2º.- Que a mesa se reuniría novamente para puntuar as ofertas económicas unha vez que polos servizos técnicos se emita o informe sobre a documentación xustificativa da baixa que presenten os licitadores.

Presentada no prazo conferido a documentación xustificativa pola empresa requirida douselle traslado á arquitecta técnica do Concello, María Gamundi Fernández, para que procedera á valoración da

documentación presentada por OBRAS Y VIALES CERNE, SL.

A técnica do Concello emite un informe que transcrito literalmente dí:

INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POLA EMPRESA OBRAS Y VIALES CERNE SL RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DA OFERTA PRESENTADA NO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADJUDICACIÓN (FACTOR PREZO) E DA OBRA: XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor prezo) para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 111.257,48€. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 102.451,37 €, e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 102.451,375 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 92.206,235€, que supón un 17,12 % de baixa.

Das ofertas presentadas, a seguinte atópase no suposto referido no parágrafo anterior:

OBRAS Y VIALES CERNE, SL: 81.191,00 € [27,02% baixa]

A empresa presenta documentación complementaria que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

A empresa ten presentado unha pequena memoria na que xustifica a súa baixa polo aforo que acada na execución de determinadas unidades de obra mediante a súa subcontratación é empresa Cabbert Hornigones SL, e polo feito de que conta cunha ampla plantilla de administrativos, técnicos e operarios e de maquinaria e equipos que, na súa maioría, se atopan amortizados e que lle permiten ser moi competitivos.

A empresa adxunta á memoria unha oferta de Cabbert Hornigones SL polo subministro de formigón HA25/B/20IIa a 40€/m³.

Avaliación da documentación aportada:

Analizada a documentación presentada, non se acredita que se teña realizado un estudo pormenorizado da obra aos efectos de elaborar a oferta. As afirmacións que realiza son xenéricas, e o prezo ofertado pola subcontrata tampouco é relevante, en si mesma, para xustificar o conxunto da oferta. Por outra banda, a oferta do subministrador tampouco é moi explícita (por exemplo, non detalla en qué condicións realiza o subministro).

Outra cuestión relevante é que a baixa efectuada pola empresa está moi alonxada da baixa considerada en presunción de temeridade. Si se fai unha análise comparativo coas ofertas do resto dos licitadores, compróbase que estas están nun rango entre o 0,5% e o 12%. A oferta presentada por OBRAS Y VIALES CERNE SL duplica á seguinte mais baixa.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada pola empresa licitadora para xustificar a oferta económica realizada, considérase que **non a xustifica adecuadamente**, polo que se informa de xeito desfavorable.

Ames, 19 de setembro de 2017

A arquitecta técnica,

María Gamundi Fernández

Considerando que a empresa OBRAS Y VIALES CERNE, SL non xustificou a baixa temeraria na que incorrera e polo tanto debe ser excluída da licitación, procédese (de acordo co programa de valoración de ofertas da Excm. Diputación) a deixar constancia da puntuación correspondente ás ofertas económicas das demais empresas presentadas ó procedemento, e que xa non están incursas en situación de baixa temeraria, segundo consta na acta levantada ó efecto da reunión da mesa de contratación do día 28 de agosto, obténdose a seguinte clasificación por orde decrecente de puntuación:

Tipo de licitación con IVE: 111.257,48.- Euros

LICITADOR	OFERTA ECONÓMICA (CON IVE)	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA (MAX. 40 PUNTOS)
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	97.795,32	23,11
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, SL	104.316,88	14,47
OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL	104.420,00	14,27
COVIASSTEC, SL	108.590,29	6,18
ACEVI, SL	110.144,88	3,16
CETA CONTRATAS, SL	110.701,19	2,08

A vista das puntuación obtidas, a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

1º Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento da empresa Obras y Viales Cerne, SL por non xustificar a baixa desproporcionada na que incorreu coa súa proposta económica.

2º.- Trasladar ao órgano de contratación a lista de licitadores por orden decrecente de puntuación e propoñer a adxudicación da realización da obra **XIMNASIO E PISTA DE SQUASH CUBERTA NO PAVILLÓN DE BERTAMIRÁNS** á empresa **Eulogio Viñal obras y construcciones, SA** con CIF **A-15352735** no prezo de **OITENTA MIL OITOCENTOS VINTE E DOUS EUROS CON CINCOENTA E OITO CÉNTIMOS (80.822,58.- Euros)**, máis o I.V.E. correspondente que ascende a cantidade de **DEZASEIS MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (16.972,74.- €)**, así como no resto da condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa adxudicataria.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e corenta e oito minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico.



